

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI09C	<i>Expediente</i> CON/100/2012	<i>Fecha</i> 19-03-13 14:31



Asunto

Servicio de medición de ruidos derivados de actividades de carácter comercial, industrial ou de calquera outra fonte de ruído no termo municipal de Santiago de Compostela - Prego Prescripciones Técnicas

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS SERVIZO DE MEDICIÓN DE RUIDOS

1.-OBXECTO DO CONTRATO:

A realización de medicións de ruído derivadas de actividades de carácter comercial ou industrial ou de calquera outra fonte de ruído, a realizar en período nocturno ou diurno, en días laborables ou festivos, de carácter obxectivo ou subxectivo, que sexan precisas para o exercicio das funcións e competencias deste Concello en materia de protección contra a contaminación acústica.

2.-DETERMINACION DAS ACTIVIDADES OBXECTO DO CONTRATO

- **Corresponde ao Adxudicatario :**

a)O adxudicatario deberá realizar as medicións de ruído nos termos do indicado nas seguintes disposicións legais:

-Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.

-Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no tocante á avaliación e xestión do ruído ambiental.

-Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

-Real Decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003.

-Orde do Ministerio de Fomento, de 25 de setembro de 2007; así como a calquera outra norma que, en vixencia do contrato, poidera modificar as anteriores. De tal xeito, que as medicións deben realizarse, en todo caso, de acordo coas especificacións técnicas e cos instrumentos esixidos pola lexislación vixente no momento da súa realización, o que esixe a obriga de actualización constante.

b)Con carácter xeral, as medicións serán programadas, e poderán ter que ser realizadas en período diurno (mañán ou tarde) ou nocturno.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI09C	<i>Expediente</i> CON/100/2012	<i>Fecha</i> 19-03-13 14:31

Asedemade as medicións poderán ser, de ruído obxectivo(previo aviso ao titular ou responsable) da fonte emisora; ou de ruído subxectivo (sen aviso previo ao titular ou responsable) da fonte emisora.

O adxudicatario deberá estar en contacto cos técnicos municipais que fixarán a data e a hora máis axeitada para a realización da medición; preferentemente de común acordo. Esa data e hora deberán ser aceptadas polo adxudicatario, salvo xustificación que será valorada polo técnico municipal.

No caso de que circunstancias xustificadas, fagan precisa unha medición nocturna non programada; o adxudicatario, debe comprometerse a estar a dispor de facer a medición cun tempo de resposta máximo de 30 minutos.

c) En todo caso, o adxudicatario levantará Acta de medición especificando o lugar e método de execución , resultado, calibración dos aparellos de medidas e, en xeral, todos os requisitos esixidos pola lexislación aplicable. Dese Acta, daráse copia ao titular do establecemento ou responsable da fonte de ruído no mesmo momento da realización da medición e ao Concello.

d)O informe – resultado deberá entregarse á Administración municipal no prazo máximo das 48 horas seguintes á realización do traballo.

e) O adxudicatario informará por escrito á Administración municipal, acerca daquelas cuestións que, a criterio técnico, sexan precisas para a resolución do expediente.

- **Corresponderá á Administración municipal:**

1)Deixar constancia escrita da solicitude de realización da medición especificando as súas características.

2)O contacto constante co adxudicatario e, na medida do posible, o acordo nas datas e horas de realización dos traballos.

3)O auxilio e acompañamento policial para efectuar as medicións e entregar as Actas .

3.-CONTROL DOS TRABALLOS

As funcións realizadas serán supervisadas polos funcionarios que se designen ao efecto. Os ditos funcionarios realizarán os oportunos controis de calidade dos traballos realizados polo adxudicatario, informando das incidencias que detecten como consecuencia da súa labor de supervisión e poidendo requirirille a modificación daqueles aspectos que non se consideren axeitados para a correcta presacióndo servizo.

4.-MEDIOS TÉCNICO E HUMANOS

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI09C	<i>Expediente</i> CON/100/2012	<i>Fecha</i> 19-03-13 14:31

Os instrumentos de medida e calibradores utilizados na avaliación de ruído, deberán cumprir as especificacións establecidas na Orde do Ministerio de Fomento, de 25 de setembro de 2007, ou norma que a substitúa, para os de tipo 1/ clase 1.

Os instrumentos de medida utilizados nas avaliacións nas que sexa necesario usar filtros de banda de octava ou 1/3 de octava, deberán cumprir o esixidopara o grao de precisión tipi 1/calse 1 na norma UNE-EN ISO 8041-2006, ou a que a substitúa.

O adxudicatario e o seu persoal deberá contar coa capacidade técnica adecuada.

A empresa adxudicataria deberá ter a categoría de Organismo de control ambiental autorizado (OCAS) acreditada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENA) ou homologación en vigor da xunta de Galicia. En todo caso, tales sistemas de acreditación poderán terse substituídos polos que nun futuro sexa validez pola administración competente ao efecto.

Os licitadores deberán identificar un representante con dispoñibilidade para atender coa dilixencia e inmediatez necesarias as obrigas dimanantes do contrato. Dita persoa será o interlocutor e encargado da realización dos traballos, con independencia da responsabilidade inherente ao adxudicatario na correcta realización do servizo.

O adxudicatario, deberá solicitar e realizar a verificación periódica e o correspondente certificado de verificación periódica dos sonómetros e calibradores acústicos de acordo co disposto no Decreto 889/2006 ou norma que o substitúa.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2013.

A XEFE DO SERVIZO DE LICENCIAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA



Asdo.: María Cacharro López